

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 21 de novembro de 2008.

Neste proxecto introducíronse lixeiras modificacións, que se recollen no documento anexo enviado polo organismo responsable, e comunicadas na reunión do pleno do Consello Galego de Estatística do día 29 de novembro de 2013.

32101 Explotación do rexistro de buques pesqueiros da comunidade autónoma

ADDENDA AO PROXECTO TÉCNICO

(Esta addenda foi realizada polo Servizo de Análise e de Rexistros o 14 de outubro de 2013).

INTRODUCCIÓN

O proxecto técnico da operación estatística 32101 Explotación do rexistro de buques pesqueiros da comunidade autónoma foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 21 de novembro de 2008. Esta operación veu executándose “en curso” durante anos, sustentándose no Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia (RBPCAG), o cal a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca www.pescadegalicia.com, permite dispoñer dunha información fiable e actualizada da dimensión da frota pesqueira con porto base en Galicia. Adicionalmente, con carácter anual, desde a Consellería do Medio Rural e do Mar, realízase a publicación da situación do rexistro a 31 de decembro, así como a comparativa con anos anteriores.

De acordo co artigo 3 do Decreto 97/2005, do 14 de abril, polo que se regula o RBPCAG, neste rexistro deben inscribirse as embarcacións pesqueiras e auxiliares das listas terceira e cuarta do Rexistro de Matrícula de Buques con porto base en Galicia, que estean operativas, se ben, como recollía o proxecto técnico, a información presentada na publicación referirase unicamente á frota de pesca, sen incluír acuicultura e auxiliares de pesca.

Dada a importancia da frota pesqueira galega constituída polas embarcacións auxiliares de pesca e de acuicultura, a 31 de agosto de 2013 figuraban inscritas no Rexistro de Buques de Galicia 1.267 embarcacións que representan o 21,59 % do conxunto da frota, considerase a necesidade de incluír no proxecto este tipo de frota e introducir un capítulo sobre a mesma na publicación anual que presenta a situación do rexistro a 31 de decembro.

Adicionalmente, os cambios normativos e organizativos producidos desde a aprobación do proxecto técnico fan necesaria a súa actualización incorporando todas as novidades producidas durante este tempo.

NORMATIVA E ORGANIZACIÓN

Normativa europea

Na páxina 1 onde di:

“Regulamento (CE) núm. 1438/2003 DA COMISIÓN de 12 de agosto de 2003 polo que se establecen as normas de aplicación da política comunitaria de frota pesqueira definida no capítulo III do Regulamento (CE) núm. 2371/2002 do Consello.

- Considerando (11)...compre establecer disposicións de aplicación para garantir que os Estados membros adopten normas e procedementos claros para enviar os datos ao Rexistro da frota pesqueira comunitaria,...

- Artigo 10.1 Recompilación de información polos Estados membros e comunicación dela á Comisión. Cada Estado membro recompilará a información referente a:

- Cada alta e baixa na frota, e
- Cada modernización dun buque que afecte a súa capacidade pesqueira.”

Debe dicir:

“Regulamento (UE) núm. 1013/2010 DA COMISIÓN de 10 de novembro de 2010 polo que se establecen as normas de aplicación da política comunitaria de frota pesqueira definida no capítulo III do Regulamento (CE) núm. 2371/2002 do Consello.

- Considerando (14)...compre establecer disposicións de aplicación para garantir que os Estados membros adopten normas e procedementos claros para enviar os datos ao Rexistro da frota pesqueira da Unión; asimesmo, son necesarias novas normas de validación para garantir a calidade e fiabilidade de eses datos.

- Artigo 11.1 Recompilación de información polos Estados membros e comunicación dela á Comisión. Cada Estado membro recompilará a información referente a:

- Cada alta e baixa na frota, e
- Cada modernización dun buque que afecte a súa capacidade pesqueira.”

Na páxina 2 onde dí:

“Regulamento (CE) núm. 1381/87 DA COMISIÓN de 20 de maio de 1987 polo que se establecen normas concretas sobre sinalización e documentación dos barcos de pesca.

- Artigo 1. Recóllese a sinalización dos barcos de pesca que enarboren o pavillón dalgún Estado membro.”

Debe dicir:

“Regulamento de Execución (UE) núm. 404/2011 DA COMISIÓN, de 8 de abril de 2011 , que establece as normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) núm. 1224/2009 do Consello polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común.

- Artigo 16. Recóllese o marcado e identificación dos buques pesqueiros da UE.”

Normativa estatal

Na páxina 3, onde dí:

“Real Decreto 499/2004, de 1 de abril, sobre a reactivación de buques non inscritos no Censo da Frota Pesqueira Operativa, e a actualización de buques irregulares.

- O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comprobou a existencia en buques pesqueiros de novas dimensións, arqueo, potencia e material do casco que poden alterar o esforzo pesqueiro, e dado que, estas variacións nalgúns supostos, poden supoñer un problema de índole social, compre poñer en funcionamento unha solución, limitada no tempo, coa finalidade de regular a situación no rexistro de determinados buques pesqueiros da lista terceira do Rexistro de matrícula de buques, incluídos no Censo da Frota Pesqueira Operativa.”

Debe dicir:

Lei 9/2007, de 22 de xuño, sobre regularización e actualización de inscricións de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navieras e no Censo da Frota Pesqueira Operativa.

- Artigo 1.1. É obxecto da Lei a regularización e actualización das inscricións do Rexistro de Buques e Empresas Navieras, dependente do Ministerio de Fomento, así como no Censo da Frota Pesqueira Operativa, dependente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, daquelas embarcacións de pesca nas que o material do casco, a potencia propulsora ou os valores de eslora, manga, puntal ou arqueo non coincidan cos seus correspondentes datos rexistrados.”

Ao final deste apartado, engádese:

“Real Decreto 638/2007, de 18 de maio, polo que se regulan as Capitanías Marítimas e os Distritos Marítimos.

- Anexo. No que se describe o ámbito territorial das Capitanías Marítimas e dos Distritos Marítimos.”

Normativa autonómica

Na páxina 4 onde dí:

“Decreto 500/2005, do 15 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.”

Debe dicir:

“Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, e do Fondo Galego de Garantía Agraria.”

Na páxina 6, onde dí:

“Orde do 28 de xuño de 2004 pola que se regula a autorización de establecemento e cambio de porto base de buques.

- Artigo 7.1. A resolución favorable ao cambio de base comunicarase polo

órgano competente ao RBPCAG, ao armador interesado, á Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, así como ás confrarías de pescadores dos portos afectados e á autoridade portuaria do porto no que vai establecer a nova base.

- Disposición adicional. Aqueles buques que tivesen porto base na Comunidade Autónoma de Galicia, con anterioridade á publicación desta orde, e non estean incluídos no RBPCAG á entrada en vigor desta, non poderán efectuar as súas descargas en ningún porto de Galicia. “

Engádesse un novo guión previo ao artigo 7.1.:

- Artigo 1. O obxecto da norma é regular o establecemento e cambios de portos base de buques pesqueiros e auxiliares de acuicultura no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na páxina 7 onde dí:

“Lei 6/1993, de 11 de maio, de pesca de Galicia.

- Artigo 6º f) O establecemento do Rexistro oficial de actividades, de establecemento e empresas e de embarcacións ou medios adicados ao exercicio da pesca, acuicultura e industrias derivadas.

- Artigo 26º. Na explotación dos recursos mariños só se poderán utilizar embarcacións que estean inscritas nas listas destinadas para iso no Rexistro de Matrícula de Buques.

- Artigo 27º. Poderán acceder ao exercicio da actividade de explotación dos recursos mariños as embarcacións que, na data de entrada en vigor da presente lei, estean inscritas definitivamente nas correspondentes listas de censo de embarcacións pesqueiras e auxiliares de acuicultura de Galicia e que contén coa correspondente habilitación administrativa, así como aquelas que no futuro se poidan inscribir legalmente.”

Debe dicir:

“Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.

- Artigo 16º. Para o exercicio da pesca profesional soamente se poderán empregar embarcacións incluídas no Censo da frota pesqueira operativa e no Rexistro de buques pesqueiros de Galicia.

- Artigo 41º. O exercicio do marisqueo desde embarcación requirirá dispor da modalidade de marisqueo no permiso de explotación da embarcación establecido no artigo 18º desta lei. Para o exercicio do marisqueo desde embarcación soamente se poderán empregar embarcacións incluídas no Censo da frota pesqueira operativa e no Rexistro de buques pesqueiros de Galicia.

- Artigo 73º. Enténdese por frota pesqueira galega o conxunto de embarcacións

dedicadas a labores de pesca extractiva, embarcacións auxiliares de pesca e de acuicultura e embarcacións que se dediquen ao marisqueo desde embarcación, que teñan o seu porto base en Galicia e que se atopen inscritas no Rexistro de buques pesqueiros de Galicia e no Censo de frota pesqueira operativa.

- Artigo 126º.1. A consellaría competente en materia de pesca establecerá no ámbito das súas competencias, entre outros, o Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia.”

Na páxina 7 onde dí:

“Decreto 420/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de rexistros de buques e de empresas haliolimentarias.

- Artigo 4º. No RBPCAG inscribíense aqueles buques que estean incluídos nas listas terceira e cuarta do Rexistro de Matrícula de Buques regulados no Real Decreto 1027/1989, que teñan a súa base nos portos da Comunidade Autónoma galega e que se adiquen á pesca, o marisqueo ou a labores auxiliares de acuicultura.

- Artigo 6º.1. Recóllense os datos que constarán no RBPCAG...

- Artigo 6º.2. di que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos poderá esixir outros datos que considere de interese.

- Disposición derogatoria derroga o Decreto 232/1991.”

Elimínase.

Nas páxinas 7 e 8 onde dí:

“ Decreto 424/1993, do 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permitidos en Galicia.

- Este decreto foi parcialmente modificado por decretos posteriores: Decreto 369/1994 e Decreto 339/1999.

- Artigo 4º. As actividades de pesca marítima en augas interiores e do marisqueo só se poderán levar a cabo utilizando as artes e aparellos que se regulan no presente regulamento e só as poderán realizar as embarcacións que teñan a súa base nos portos do litoral galego e que estean incluídas no RBPCAG.

- Artigo 11. As embarcacións estarán obrigatoriamente rexistradas na terceira lista do Rexistro de Matrícula de Buques para exercer a pesca...”

Debe dicir:

“Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Artigo 4º.1. As embarcacións que se dediquen á actividade profesional pesqueira e marisqueira estarán obrigatoriamente inscritas na 3ª lista do Rexistro de Matrícula de Buques Pesqueiros.

- Artigo 4º.2. Nas actividades profesionais de pesca marítima e marisqueo, en augas do ámbito territorial de aplicación deste decreto, só poderán empregarse embarcacións incluídas no censo da frota pesqueira operativa e no Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia.”

Organización

Nas páxinas 8 e 9 onde dí:

“Os órganos administrativos que interveñen na creación, mantemento e explotación do RBPCAG encádranse dentro da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

O Decreto 500/2005, do 15 de setembro, establece a estrutura orgánica da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Para o exercicio das súas funcións organízase en direccións xerais e dentro destas en subdireccións xerais. Así, a Dirección Xeral de Recursos Mariños conta coa Subdirección Xeral de Recursos Mariños e de Xestión Administrativa que se estrutura, a súa vez, en servizos. Para o desenvolvemento das súas funcións en materia de rexistro de buques e a elaboración de estatísticas pesqueiras conta co Servizo de Xestión Administrativa e co Servizo de Producción Pesqueira, respectivamente.

Ao Servizo de Xestión Administrativa compételle, por unha banda, a xestión dos títulos administrativos habilitantes (permisos de explotación) para o exercicio da actividade pesqueira, tanto profesional como recreativa e, por outra banda, a xestión do RBPCAG. Con base a estas competencias este servizo manexa o Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA) que depende da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), no que se recollen as concesións, modificacións ou anulacións dos permisos de explotación, os cambios de armador e/ou propietarios e os cambios de portos base. Ademais ten as competencias no RBPCAG onde se rexistran as altas, baixas e/ou modificacións que neste censo se produzan. Estas dúas bases de datos, aínda que pertencen ao mesmo servizo, son manexadas por persoas distintas polo que calquera cambio nunha debe ser comunicada á outra.

Ao Servizo de Producción Pesqueira correspóndelle, entre outras competencias, a explotación desas bases de datos, mediante a recollida e avaliación dos datos para a elaboración das estatísticas da actividade de aproveitamento dos recursos mariños, e a elaboración de estatísticas da consellería.”

Debe dicir:

“Os órganos administrativos que interveñen na creación, mantemento e explotación do RBPCAG encádranse dentro da consellería competente en materia de pesca.

O Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, e do Fondo Galego de Garantía Agraria. Para o exercicio das súas funcións en materia pesqueira organízase na Secretaría Xeral do Mar e dentro desta en subdireccións xerais, así como na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. A Secretaría Xeral do Mar conta coa Subdirección Xeral de Pesca e Mercados da Pesca que se estrutura, a súa vez, en servizos. Para o desenvolvemento das súas funcións en materia de rexistro de buques e a elaboración de estatísticas pesqueiras conta co Servizo de Pesca e co Servizo de Análise e de Rexistros.

Ao Servizo de Pesca compételle, por unha banda, a xestión dos títulos administrativos habilitantes para o exercicio da actividade pesqueira (permisos de explotación), e por outra, a xestión dos procedementos administrativos vinculados ao RBPCAG. Con base a estas competencias este servizo manexa o Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA) que depende da Consellería de Presidencia, no que se recollen as concesións, modificacións ou anulacións dos permisos de explotación, os cambios de armador e/ou propietarios e os cambios de portos base. Ademais ten as competencias sobre a xestión dos procedementos, que en último termo se concretan no rexistro das altas, baixas e/ou modificacións que se produzan no RBPCAG. Estas dúas bases de datos son manexadas por persoas de diferentes servizos polo que calquera cambio nunha debe ser comunicada á outra.

Ao Servizo de Análise e de Rexistros correspóndelle, entre outras competencias, o asentamento da información no RBPCAG resultante da xestión dos procedementos administrativos mencionados, a explotación desas bases de datos mediante a recollida e avaliación dos datos para a elaboración das estatísticas da actividade de aproveitamento dos recursos mariños, e a elaboración das estatísticas no ámbito de competencias da Secretaría Xeral do Mar.”

Unidades estatísticas

Na primeira liña da páxina 9 deste apartado, onde dí:

“A unidade estatística é o buque de pesca con porto base en Galicia.”

Debe dicir:

“As unidades estatísticas son o buque de pesca e o buque auxiliar de pesca e acuicultura con porto base en Galicia.”

Na última frase da páxina 9 deste apartado, onde dí:

“Teranse en conta a totalidade dos buques pesqueiros con porto base en Galicia e que figuran no RBPCAG.”

Debe decir:

“Teranse en conta a totalidade dos buques pesqueiros e auxiliares de pesca e de acuicultura con porto base en Galicia e que figuran no RBPCAG.”

Variables estadísticas

Datos administrativos do buque.

Marcas externas do buque.

Na páxina 10, primeiro guión, onde dí:

- “Distrito e provincia marítima. O litoral do territorio nacional divídese en provincias marítimas e estas, a súa vez, en distritos marítimos. As provincias marítimas son cinco: Lugo (distritos: Ribadeo, Burela e Viveiro), Ferrol (distritos: Santa Marta de Ortigueira e Ferrol), Coruña (distritos: Sada, A Coruña, Camariñas, Corme, Corcubión, Muros e Noia), Vilagarcía de Arousa (distritos de Ribeira, Pobra do Caramiñal, Vilagarcía de Arousa, O Grove e Cambados) e Vigo (distritos: Sanxenxo, Marín, Bueu, Cangas, Vigo, Baiona, A Guarda, Portonovo e Redondela).”

Debe decir:

- “Distrito e provincia marítima. O litoral do territorio nacional divídese en provincias marítimas e estas, a súa vez, en distritos marítimos. As provincias marítimas existentes en Galicia, de acordo co anexo do Real Decreto 638/2007, de 18 de maio, polo que se regulan as Capitanías Marítimas e os Distritos Marítimos son cinco: Burela (distritos: Ribadeo, Burela e Viveiro), Ferrol (distritos: Cariño, Cedeira e Ferrol), Coruña (distritos: Sada, A Coruña, Corme, Camariñas, Corcubión, Muros e Noia), Vilagarcía de Arousa (distritos de Ribeira, Pobra do Caramiñal, Vilagarcía de Arousa, Cambados e O Grove) e Vigo (distritos: Portonovo, Marín, Bueu, Cangas, Redondela, Vigo, Baiona, A Guarda).”

Número de rexistro.

Na páxina 10, segundo parágrafo deste subapartado, onde dí:

“Este número de rexistro coincide co número de permiso de explotación dado ao buque para o exercicio da actividade pesqueira, permiso que se tramita a través do SXPA.”

Debe decir:

“Este número de rexistro coincide, de ser o caso (embarcacións da terceira lista que exerzan a actividade pesqueira en augas interiores), co número de permiso de explotación dado ao buque para o exercicio da actividade pesqueira, permiso que se tramita a través do SXPA.”

Permiso de explotación.

Nas páxinas 10 e 11 deste subapartado, onde dí:

“O permiso de explotación para os buques de pesca ten unha validez de 5 anos. Para realizar a actividade pesqueira un buque debe estar en posesión do permiso de explotación. Este é o título administrativo que habilita para exercer a actividade extractiva dos recursos mariños no espazo marítimo-terrestre, augas e ámbito xeral de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, DOG núm. 13, 20/01/1994). “O permiso de explotación para embarcacións outorgarase a nome da embarcación por períodos consecutivos de 5 anos, ata un máximo de 30 anos, debendo ser revalidado anualmente”.

Debe dicir:

“O exercicio da pesca marítima profesional requirirá estar en posesión dun permiso de explotación, sen prexuízo do disposto na normativa vixente para o exercicio da pesca en augas exteriores. En todo caso, quedan exceptuados desta obriga os buques que faenen unicamente en augas exteriores. O permiso de explotación outorgarao a consellaría competente en materia de pesca. Este terá validez durante a vida útil do buque sempre e cando reúna as condicións establecidas para a navegabilidade, flotabilidade e seguranza marítima e laboral. A modificación ou modernización dos elementos propios do buque ou a variación dos datos que constan no permiso de explotación implicará a solicitude dun novo permiso nas condicións e nos prazos que se determinen regulamentariamente, sen prexuízo da emisión dos informes e das autorizacións que se establezan.

Os permisos de explotación para a pesca profesional serán expedidos especificamente para artes ou zonas determinadas. Poderán ser estacionalmente alternantes e non se autorizará o uso de dúas artes simultaneamente. En función do estado dos recursos, poderanse outorgar cambios nas artes ou nas zonas incluídas nos permisos de explotación atendendo aos criterios de obxectividade, equidade e transparencia.

O exercicio do marisqueo require estar en posesión da modalidade de marisqueo no permiso de explotación da embarcación. A Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de marisqueo, establecerá os requisitos para a obtención, a renovación, a perda ou a suspensión das habilitacións para o exercicio do marisqueo.”

Número do Censo da Frota Pesqueira Operativa (CFPO).

Na páxina 11 onde dí:

“Este campo recolle o número asociado ao buque no CFPO. Este número outórgase pola Secretaría Xeral de Pesca Marítima dependente do MAPA unha vez que se realiza a inscrición do buque de pesca.”

Debe dicir:

“Este campo recolle o número asociado ao buque no CFPO. Este número outórgase pola Secretaría Xeral de Pesca dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente unha vez que se realiza a inscrición do buque de pesca ou auxiliar.”

Actividade do buque

Nas páxinas 13 e 14 onde dí:

“Artes de pesca permitidas.

No momento da inscrición do buque no rexistro, tamén se debe solicitar o permiso para a actividade da pesca cunha determinada arte. Cando se trata de artes menores, unha embarcación de pesca pode ter permitida desde unha arte ata un máximo de cinco. É un dato cualitativo. A clasificación das artes de pesca usada nos informes é a recollida no Decreto 424/1993 e decretos que o modifican, xa que describe mellor as distintas modalidades da actividade pesqueira en Galicia.

Caladoiros habituais.

Recóllese aquí o caladoiro no que vai faenar o buque de pesca. O apartado 12 do anexo I da orde do 8 de maio de 2002 establece os seguintes caladoiros: Augas interiores da comunidade autónoma, Caladoiro nacional (dentro deste está o Caladoiro Cantábrico-Noroeste), Augas U.E. non españolas, Marrocos, Augas internacionais e outros caladoiros. De acordo con esta clasificación, a publicación agrupa aos buques de pesca en tres niveis: caladoiro nacional (Cantábrico-Noroeste), pesqueiras comunitarias e pesqueiras internacionais.”

Debe dicir:

“Frota pesqueira (pesca extractiva e de marisqueo da lista terceira)

Artes de pesca permitidas.

No momento da inscrición do buque no rexistro, tamén se debe solicitar o permiso para a actividade da pesca cunha determinada arte. Cando se trata de artes menores, unha embarcación de pesca pode ter permitida desde unha arte ata un máximo de cinco. É un dato cualitativo. A clasificación das artes de pesca usada nos informes é a recollida no Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, no que se describen as distintas modalidades da actividade pesqueira en Galicia.

Caladoiros habituais.

Recóllese aquí o caladoiro no que vai faenar o buque de pesca. O apartado 12 do anexo I da orde do 8 de maio de 2002 establece os seguintes caladoiros: Augas interiores da comunidade autónoma, Caladoiro nacional (dentro deste está o Caladoiro Cantábrico-Noroeste), Augas U.E. non españolas, Marrocos, Augas internacionais e outros caladoiros. De acordo con esta clasificación, a publicación agrupa aos buques de pesca en tres niveis: caladoiro nacional (Cantábrico-Noroeste), pesqueiras comunitarias e pesqueiras internacionais.”

Procesamento de datos

Na páxina 14, onde dí:

“Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA).

O Servizo de Xestión Administrativa da Dirección Xeral de Recursos Mariños mantén, a través dunha serie de procedementos administrativos, a información para o outorgamento dos permisos de explotación e as artes no SXPA, dependente da Consellería de Presidencia.”

Debe dicir:

“Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA).

O Servizo de Pesca da Secretaría Xeral do Mar mantén, a través dunha serie de procedementos administrativos, a información para o outorgamento dos permisos de explotación e as artes no SXPA, dependente da Amtega.”

Fluxo de datos.

Na páxina 15, todas as referencias realizadas ao “Servizo de Xestión Administrativa da Dirección Xeral de Recursos Mariños”, substituiranse por “Servizo de Pesca da Secretaría Xeral do Mar”.

Procedemento de depuración de datos.

No primeiro parágrafo, páxinas 15 e 16 onde dí:

“Anualmente realízase unha descarga de datos desde o SXPA e desde o RBPCAG á Plataforma Tecnolóxica da Pesca e se remiten ao Servizo de Producción Pesqueira, que contrasta a información desas dúas fontes de datos e informa, se é o caso, ao Servizo de Xestión Administrativa das situacións anómalas.”

Debe dicir:

“Anualmente realízase unha descarga de datos desde o SXPA e desde o RBPCAG á Plataforma Tecnolóxica da Pesca e se remiten ao Servizo de Análise e de Rexistros, que contrasta a información desas dúas fontes de datos e informa, se é o caso, ao Servizo de Pesca das situacións anómalas.”

Deseño da explotación dos datos do rexistro

Na páxina 16, segundo guión, onde dí:

- “Servizo de Producción Pesqueira leva a cabo anualmente a publicación que recolle a estrutura da frota pesqueira e as artes ou grupos de artes usadas para a actividade pesqueira.”

Debe dicir:

- “Servizo de Análise e de Rexistros leva a cabo anualmente a publicación que recolle a estrutura da frota pesqueira e as artes ou grupos de artes usadas para a actividade

pesqueira, así como da frota auxiliar de pesca e de acuicultura.”

A Plataforma Tecnolóxica de Pesca.

Na páxina 17, sexto e sétimo guión, onde dí:

- “Publicacións: aquí atópanse as publicacións realizadas pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e relacionadas cos contidos desta páxina.
- Enlaces a sitios de interese: esta opción permítenos acceder a outras páxinas de interese para o sector pesqueiro, como son:
 - A consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
 - Intecmar.
 - Directorio de confrarías.
 - Meteoroloxía.
 - Fishbase.”

Debe dicir:

- “Publicacións: aquí atópanse diversas publicacións realizadas pola consellería competente en materia pesqueira e relacionadas cos contidos desta páxina.
- Enlaces a sitios de interese: esta opción permítenos acceder a outras páxinas de interese para o sector pesqueiro, como son:
 - A consellería competente en materia pesqueira.
 - Intecmar.
 - Directorio de confrarías.
 - Meteoroloxía.
 - Fishbase.”

Publicación do Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na páxina 19, primeiro parágrafo, onde dí:

“Con carácter anual desde a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos lévase a cabo a publicación dun documento que presenta a situación do rexistro a 31 de decembro, así como a comparativa con anos anteriores. Esta publicación é posta a disposición do público en xeral a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca na páxina web www.pescadegalicia.com”

Debe dicir:

“Con carácter anual desde a consellería con competencias en materia de pesca lévase a cabo a publicación dun documento que presenta a situación do rexistro a 31 de decembro, así como a comparativa con anos anteriores. Esta publicación é posta a disposición do público en xeral a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca na páxina web www.pescadegalicia.com”

Na páxina 19, segundo parágrafo, engádese un guión:

- “Frota auxiliar de pesca e acuicultura.”

Na páxina 19, elimínase a última frase deste subapartado.

Na páxina 23, engádese o subapartado:

Frota auxiliar de pesca e acuicultura

Ofrécese información sobre o número de buques, o arqueo total e medio e a potencia total e media dos buques clasificados por provincia, zona de produción, portos base, tramos de eslora, tramos de arqueo e tramos de potencia.

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 21 de novembro de 2008

32102 Explotación do rexistro de buques pesqueiros da comunidade autónoma

PROXECTO TÉCNICO

Normativa e organización

Recollemos todas as normas: europea, estatal e autonómica por esta orde.

Normativa europea

Regulamento (CE) núm. 26/2004 DA COMISIÓN de 30 de decembro de 2003 relativo ao rexistro comunitario da frota pesqueira.

- Considerando (1)...compre que cada Estado membro leve un rexistro de todos os buques pesqueiros que enarboren o seu pavillón.
- Considerando (2)...o rexistro comunitario da frota pesqueira debe comprender todos os buques pesqueiros comunitarios, incluídos os utilizados exclusivamente na acuicultura.
- Artigo 1a) fixa todos os datos mínimos relativos ás características e acontecementos dos buques que deben figurar no rexistro que cada membro leva sobre os buques pesqueiros que enarboran o seu pavillón.
- Artigo 1b) fixa as obrigas dos Estados membros en relación coa recollida, validación e transmisión da Comisión destes datos, a partir do seu rexistro nacional.
- Artigo 4 di que cada Estado membro recollerá sen demora os datos recollidos no anexo II en relación cos buques pesqueiros comunitarios que enarboren o seu pavillón.
- Artigo 5 di que cada Estado membro validará os datos recollidos de conformidade co artigo 4 e incluíraos no seu rexistro nacional.
- Artigo 11.2. O público terá acceso a unha versión do rexistro comunitario que non conterá datos de carácter persoal.

Regulamento (CE) núm. 1438/2003 DA COMISIÓN de 12 de agosto de 2003 polo que se establecen as normas de aplicación da política comunitaria de frota pesqueira definida no capítulo III do Regulamento (CE) núm. 2371/2002 do Consello.

- Considerando (11)...compre establecer disposicións de aplicación para garantir que os Estados membros adopten normas e procedementos claros para enviar os datos ao Rexistro da frota pesqueira comunitaria,...
- Artigo 10.1 Recompilación de información polos Estados membros e comunicación dela á Comisión. Cada Estado membro recompilará a información referente a:
 - Cada alta e baixa na frota, e

- Cada modernización dun buque que afecte a súa capacidade pesqueira.

Regulamento (CE) núm. 2371/2002 DO CONSELLO de 20 de decembro de 2002 sobre a conservación e a explotación sostible dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común.

- Considerando (13)... convén que cada Estado membro leve un rexistro nacional dos buques pesqueiros...
- Artigo 15.1 Cada Estado membro levará un rexistro dos buques pesqueiros comunitarios que enarboren o seu pavillón, no que se incluíra a información mínima sobre as características e actividade dos buques que sexa necesaria para a xestión das medidas establecidas a escala comunitaria.

95/84/CE: Decisión da Comisión, de 20 de marzo de 1995, relativa á aplicación do Anexo do Regulamento (CEE) núm.2930/86 do Consello polo que se definen as características dos barcos de pesca.

Regulamento (CE) núm. 1381/87 DA COMISIÓN de 20 de maio de 1987 polo que se establecen normas concretas sobre sinalización e documentación dos barcos de pesca.

- Artigo 1. Recóllese a sinalización dos barcos de pesca que enarboren o pavillón dalgún Estado membro.

Regulamento (CE) núm. 2930/86 DO CONSELLO de 22 de setembro de 1986 polo que se definen as características dos barcos de pesca. Este regulamento foi parcialmente modificado polo Regulamento (CE) 3259/94, modificacións que xa se inclúen.

- Artigo 1. As definicións das características dos barcos de pesca establecidas neste Regulamento aplicaranse a toda a regulamentación comunitaria relativa á pesca.

Normativa estatal

Constitución española.

- Artigo 149.1.19ª O estado ten competencia exclusiva en pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector se atribúan ás Comunidades Autónomas.
- Artigo 148.1.11ª Onde establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura...

Estatuto de Autonomía de Galicia.



- Artigo 27. No marco do presente Estatuto corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva da pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre.

Real Decreto 499/2004, de 1 de abril, sobre a reactivación de buques non inscritos no Censo da Frota Pesqueira Operativa, e a actualización de buques irregulares.

- O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comprobou a existencia en buques pesqueiros de novas dimensións, arqueo, potencia e material do casco que poden alterar o esforzo pesqueiro, e dado que, estas variacións nalgúns supostos, poden supoñer un problema de índole social, compre poñer en funcionamento unha solución, limitada no tempo, coa finalidade de regular a situación no rexistro de determinados buques pesqueiros da lista terceira do Rexistro de matrícula de buques, incluídos no Censo da Frota Pesqueira Operativa.

Real Decreto 167/2001, do 23 de febreiro, polo que se modifica parcialmente o Real Decreto 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo.

- Artigo único. O artigo 63 do Real Decreto 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo, terá a seguinte redacción: "Artigo 63. O cambio de lista, a inscrición e a baixa dos buques pesqueiros no Rexistro Marítimo requirirá previo informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación".

Lei 3/2001, de 26 de marzo de Pesca Marítima do Estado.

- Artigo 57.1 Rexistro de Buques Pesqueiros. [...] constituirase no MAPA un Rexistro de Buques Pesqueiros ... O seu contido forma parte do Rexistro Comunitario de Buques Pesqueiros...
- Artigo 57.2 ... A execución do disposto no apartado anterior levarase a cabo polas Comunidades Autónomas as cales manterán unha conexión telemática permanente co MAPA.

Orde do 18 de xaneiro de 2000 pola que se aproba o Regulamento sobre Despacho de Buques.

- Artigo 18. Primeiro despacho dos buques pesqueiros. Será requisito para autorizar o primeiro despacho para saír ao mar dun novo buque pesqueiro, que se tramitara a súa alta no Censo da Frota Pesqueira Operativa, que as unidades achegadas como baixa atópanse inmovilizadas, entregadas as súas patentes de navegación e roles, e iniciados os expedientes de despezamento ou de afundimento ou, de ser o caso, se así fora autorizado ou de exportación definitiva ou destino a outros fins, coa finalidade de obter a súa baixa definitiva na lista terceira e no Censo da Frota Pesqueira Operativa.

Real Decreto 798/1995, do 19 de maio, polo que se define os criterios e condicións das intervencións coa finalidade estrutural no sector da pesca, da acuicultura e da comercialización, a transformación e a promoción dos seus produtos.

- Artigo 97. O Censo da Frota Pesqueira Operativa constitúe un instrumento básico para a xestión da pesca marítima e o seu contido forma parte do Rexistro Comunitario de Buques Pesqueiros regulado actualmente polo Regulamento (CE) 109/94 da Comisión, de 19 de xaneiro de 1994. Dito censo será xestionado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (Secretaría Xeral de Pesca Marítima), a quen se dirixirán as solicitudes de inclusión naquel.

Real Decreto 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo.

- Artigo 4.1. O rexistro de matrícula levarase en varios libros foliados denominadas listas nos que se rexistrarán os buques, embarcacións e artefactos navais atendendo a súa procedencia e actividade, ...
 - Na lista terceira, rexistraranse os buques de construción nacional ou importados de acordo á lexislación vixente destinados á captura e extracción con fins comerciais de peixe e doutros recursos mariños vivos.
 - Na lista cuarta, rexistraranse as embarcacións auxiliares de pesca, as auxiliares de explotacións de acuicultura e os artefactos dedicados ao cultivo ou estabulación de especies mariñas.

Convenio Internacional de 23 de xuño de 1969, sobre arqueo de buques, feito en Londres. BOE núm. 221 do 15/09/1982.

Normativa autonómica

Decreto 500/2005, do 15 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Decreto 97/2005, do 14 de abril, polo que se regula o Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante RBPCAG)

- Artigo 1. Este decreto regula a inscrición das embarcacións pesqueiras e auxiliares no RBPCAG. O seu contido forma parte do Rexistro de Buques Pesqueiros do Estado Español e do Rexistro Comunitario da Frota Pesqueira.
- Artigo 3. Deberán inscribirse no RBPCAG as embarcacións pesqueiras e auxiliares das listas terceira e cuarta do Rexistro de Matrícula de Buques con porto base en Galicia, que estean operativas.



- Artigo 6.1. No rexistro constarán os seguintes datos:
 - Datos do buque: nome, matrícula, folio, porto base, principais características estruturais, baixas presentadas,...
 - Datos do armador e do propietario, se é o caso: nome, NIF, enderezo.
 - Asociación do armador, ou non, a algunha confraría de pescadores, organización de produtores, cooperativa ou asociación.
 - Modalidade de pesca utilizada.
 - Caladoiro habitual.
- Disposición derogatoria. Derroga todas as disposicións, de igual ou inferior rango, menos o disposto na disposición transitoria segunda, que se opoña ao previsto neste, e en especial ao capítulo I e capítulo II do Decreto 420/1993, do 17 de novembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de rexistros de buques e de empresas halioalimentarias, no que ao rexistro de buques se refire.

Orde de 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que faenen nas augas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- No artigo 1º recolle que esta orde ten por obxecto regular nas augas competencia da Comunidade Autónoma galega a determinación das artes ou modalidades de pesca nos permisos de explotación da embarcacións e a alternancia entre elas, e tamén a recollida e o tratamento dos datos do libro de rexistro da actividade pesqueira.
- Na Sección segunda regula as artes nos permisos de explotación e na Sección terceira regula o rexistro de actividade pesqueira.

Resolución do 4 de maio de 2004 pola que se dispón a publicación da relación de buques incluídos no RBPCAG.

- Fanse públicas as relacións coa totalidade dos buques incluídos no RBPCAG...

Orde do 6 de abril de 2004 pola que se regulan os procedementos de expedición, renovación, traslado e transmisión dos permisos de explotación para embarcación.

- Artigo 2. A presente orde será de aplicación ás embarcacións da lista terceira do Rexistro de Matrícula de Buques inscritas no RBPCAG, así como aquelas outras embarcacións que, non tendo porto base nesta comunidade, pretendan exercer a actividade extractiva dos recursos mariños en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 4º.1. Deberán solicitar novo permiso de explotación todas as embarcacións da lista terceira do Rexistro de Matrícula de Buques que, carecendo del, teñan porto base nalgún porto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 197/2004, do 29 de xullo, polo que se regula a frota de pesca interior da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Artigo 4º.1 A Consellería competente en materia de pesca elaborará un censo da frota galega de pesca interior, no que se inscribirán as embarcacións pesqueiras inscritas no RBPCAG que exerzan a actividade extractiva exclusivamente nas augas interiores de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 28 de xuño de 2004 pola que se regula a autorización de establecemento e cambio de porto base de buques.

- Artigo 7.1. A resolución favorable ao cambio de base comunicárase polo órgano competente ao RBPCAG, ao armador interesado, á Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, así como ás confrarías de pescadores dos portos afectados e á autoridade portuaria do porto no que vai establecer a nova base.
- Disposición adicional. Aqueles buques que tivesen porto base na Comunidade Autónoma de Galicia, con anterioridade á publicación desta orde, e non estean incluídos no RBPCAG á entrada en vigor desta, non poderán efectuar as súas descargas en ningún porto de Galicia.

Orde do 8 de agosto de 2003 polo que se dispón a publicación da relación de buques incluídos no RBPCAG.

- Artigo 1º. Publícase como anexos I e II desta orde as relacións que comprenden a totalidade dos buques incluídos no RBPCAG correspondentes, respectivamente, a terceira e cuarta lista.

Orde do 13 de xuño de 2003 pola que se fixa un prazo extraordinario para a declaración establecida na disposición transitoria primeira da orde do 8 de maio de 2002.

Orde do 8 de maio de 2002, pola que se actualiza o RBPCAG e se establecen normas sobre a súa xestión e control.

- Indica que o rexistro ten por finalidade, ademais dun control do esforzo pesqueiro, dispor dunha información fiable e actualizada sobre a frota que radica en Galicia.
- Artigo 1º.1. Obrigatoriedade da inscrición. A inscrición no rexistro é obrigatoria para todos os buques que teñan porto base na Comunidade Autónoma de Galicia e incluídos nas listas terceira e cuarta do Rexistro de Matrícula.
- Artigo 2º. Requisitos para a inscrición.
- Artigo 3º. Da formalidade da inscrición. 3º.1. Para a inscrición do buque no rexistro o armador ou propietario deberá cubrir o formulario que figura como anexo I da presente



orde e que presentará no rexistro xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos,...

- Artigo 4º. Das modificacións na inscrición.
- Artigo 5º. Das baixas no Rexistro de Buques.

O formulario para a inscrición do buque que se nomea no artigo 3 está incluído no anexo II do proxecto técnico.

Lei 6/1993, de 11 de maio, de pesca de Galicia.

- Artigo 6º f) O establecemento do Rexistro oficial de actividades, de establecemento e empresas e de embarcacións ou medios adicados ao exercicio da pesca, acuicultura e industrias derivadas.
- Artigo 26º. Na explotación dos recursos mariños só se poderán utilizar embarcacións que estean inscritas nas listas destinadas para iso no Rexistro de Matrícula de Buques.
- Artigo 27º. Poderán acceder ao exercicio da actividade de explotación dos recursos mariños as embarcacións que, na data de entrada en vigor da presente lei, estean inscritas definitivamente nas correspondentes listas de censo de embarcacións pesqueiras e auxiliares de acuicultura de Galicia e que contén coa correspondente habilitación administrativa, así como aquelas que no futuro se poidan inscribir legalmente.

Decreto 420/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de rexistros de buques e de empresas haliolimentarias.

- Artigo 4º. No RBPCAG inscribíense aqueles buques que estean incluídos nas listas terceira e cuarta do Rexistro de Matrícula de Buques regulados no Real Decreto 1027/1989, que teñan a súa base nos portos da Comunidade Autónoma galega e que se adiquen á pesca, o marisqueo ou a labores auxiliares de acuicultura.
- Artigo 6º.1. Recóllense os datos que constarán no RBPCAG...
- Artigo 6º.2. di que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos poderá esixir outros datos que considere de interese.
- Disposición derogatoria derroga o Decreto 232/1991.

Decreto 424/1993, do 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permitidos en Galicia.

- Este decreto foi parcialmente modificado por decretos posteriores: Decreto 369/1994 e Decreto 339/1999.
- Artigo 4º. As actividades de pesca marítima en augas interiores e do marisqueo só se poderán levar a cabo utilizando as artes e aparellos que se regulan no presente

regulamento e só as poderán realizar as embarcacións que teñan a súa base nos portos do litoral galego e que estean incluídas no RBPCAG.

- Artigo 11. As embarcacións estarán obrigatoriamente rexistradas na terceira lista do Rexistro de Matrícula de Buques para exercer a pesca...

Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira.

- No capítulo II deste decreto fálase do permiso de explotación para embarcacións.
- Artigo 7º.1. Para o exercicio da actividade extractiva todas as embarcacións que operan nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia ou rexistradas nela, requirirán do permiso de explotación...
- Artigo 7º.2. O permiso de explotación constitúe un requisito imprescindible sen o cal a embarcación non poderá ser despachada pola autoridade competente.

Organización

Os órganos administrativos que interveñen na creación, mantemento e explotación do RBPCAG encádranse dentro da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

O Decreto 500/2005, do 15 de setembro, establece a estrutura orgánica da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Para o exercicio das súas funcións organízase en direccións xerais e dentro destas en subdireccións xerais. Así, a Dirección Xeral de Recursos Mariños conta coa Subdirección Xeral de Recursos Mariños e de Xestión Administrativa que se estrutura, a súa vez, en servizos. Para o desenvolvemento das súas funcións en materia de rexistro de buques e a elaboración de estatísticas pesqueiras conta co Servizo de Xestión Administrativa e co Servizo de Producción Pesqueira, respectivamente.

Ao Servizo de Xestión Administrativa compételle, por unha banda, a xestión dos títulos administrativos habilitantes (permisos de explotación) para o exercicio da actividade pesqueira, tanto profesional como recreativa e, por outra banda, a xestión do RBPCAG. Con base a estas competencias este servizo manexa o Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA) que depende da Consellería de Presidencia, no que se recollen as concesións, modificacións ou anulacións dos permisos de explotación, os cambios de armador e/ou propietarios e os cambios de portos base. Ademais ten as competencias no RBPCAG onde se rexistran as altas, baixas e/ou modificacións que neste censo se produzan. Estas dúas bases de datos, aínda que pertencen ao mesmo servizo, son manexadas por persoas distintas polo que calquera cambio nunha debe ser comunicada á outra.

Ao Servizo de Producción Pesqueira correspóndelle, entre outras competencias, a explotación desas bases de datos, mediante a recollida e avaliación dos datos para a elaboración das estatísticas da actividade de aproveitamento dos recursos mariños, e a elaboración de estatísticas da consellería.

Unidades estatísticas

A unidade estatística é o buque de pesca con porto base en Galicia.

De acordo co Decreto 97/2005, do 14 de abril, polo que se regula o RBPCAG “deberán inscribirse no RBPCAG as embarcacións pesqueiras e auxiliares das listas terceira e cuarta do Rexistro de Matrícula de Buques con porto base en Galicia, que estean operativas.”

E define buque operativo como “aquele que estando matriculado nas listas terceira e cuarta do Rexistro de Matrícula de Buques e inscrito no Rexistro Mercantil, fose despachado para labores de pesca marítima ou para labores auxiliares de pesca marítima ou explotacións de acuicultura, como mínimo unha vez nos últimos vinte e catro meses e que manteña ademais a capacidade de permanecer en servizo”.

A orde do 28 de xuño de 2004 pola que se regula a autorización de establecemento e cambio de porto base de buques no seu artigo 2 define como porto base “aquele desde o cal o buque desenvolva a maior parte das súas actividades de inicio das mareas, despacho e comercialización das capturas”. “Se o buque pesca fóra do caladoiro nacional o porto base será aquele co que manteña unha vinculación socioeconómica destacable, de acordo co que se estableza regulamentariamente”.

O artigo 4 do Real Decreto 1027/1989, de 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo, recolle as listas nas que se rexistrarán os buques atendendo a súa procedencia e actividade:

- “Na lista terceira rexistraranse os buques adicados a captura e extracción con fins comerciais de peixe e outros recursos mariños vivos”.
- “Na lista cuarta rexistraranse as embarcacións auxiliares da pesca, as auxiliares de explotacións de acuicultura e os artefactos adicados ao cultivo ou estabulación de especies mariñas”.

Teranse en conta a totalidade dos buques pesqueiros con porto base en Galicia e que figuran no RBPCAG.

Variabes estatísticas

As variables sometidas a avaliación son:

- Datos administrativos do buque.
- Datos do armador e/ou propietario.
- Características técnicas do buque.
- Actividade do buque.

Datos administrativos do buque.

Marcas externas do buque.

Refírense ao conxunto da lista e matrícula asociada ao buque pesqueiro. No RBPCAG son as listas terceira e cuarta. A matrícula consta de dúas partes:

- Distrito e provincia marítima. O litoral do territorio nacional divídese en provincias marítimas e estas, a súa vez, en distritos marítimos. As provincias marítimas son cinco: Lugo (distritos: Ribadeo, Burela e Viveiro), Ferrol (distritos: Santa Marta de Ortigueira e Ferrol), Coruña (distritos: Sada, A Coruña, Camariñas, Corme, Corcubión, Muros e Noia), Vilagarcía de Arousa (distritos de Ribeira, Pobra do Caramiñal, Vilagarcía de Arousa, O Grove e Cambados) e Vigo (distritos: Sanxenxo, Marín, Bueu, Cangas, Vigo, Baiona, A Guarda, Portonovo e Redondela).
- Folio de inscrición que é un número asociado á lista e distrito do buque. Posúe ata un máximo de 6 caracteres que poden aparecer representados de dúas maneiras distintas.

Número de rexistro.

É o código que se lle outorga ao buque cando se inscribe no RBPCAG, e se compón do ano en que se fai o rexistro, o código da provincia (xeográfica) na cal se tramitou a solicitude e un número de serie asociado a dita solicitude.

Este número de rexistro coincide co número de permiso de explotación dado ao buque para o exercicio da actividade pesqueira, permiso que se tramita a través do SXPA.

Permiso de explotación.

O permiso de explotación para os buques de pesca ten unha validez de 5 anos. Para realizar a actividade pesqueira un buque debe estar en posesión do permiso de explotación. Este é o título administrativo que habilita para exercer a actividade extractiva dos recursos mariños no espazo marítimo-terrestre, augas e ámbito xeral de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, DOG núm. 13,

20/01/1994). “O permiso de explotación para embarcacións outorgarase a nome da embarcación por períodos consecutivos de 5 anos, ata un máximo de 30 anos, debendo ser revalidado anualmente”.

Número do Censo da Frota Pesqueira Operativa (CFPO).

Este campo recolle o número asociado ao buque no CFPO. Este número outórgase pola Secretaría Xeral de Pesca Marítima dependente do MAPA unha vez que se realiza a inscrición do buque de pesca.

Nome do barco.

É o que figura no RBPCAG, a petición do propietario e/ou armador.

Porto base.

É aquel desde o cal o barco desenvolve a súa actividade ou onde leva a cabo as operacións de despacho do buque e comercialización das capturas.

Data de entrada en servizo.

Será a da primeira expedición dun certificado de seguridade. Se este non se expedira, a data de entrada será a da primeira inserción nun rexistro oficial dos buques de pesca.

Baixas achegadas para a construción.

Cando se quere dar de alta unha embarcación de nova construción no rexistro, previamente deben achegarse baixas de embarcacións en activo. Se se desexa dar de alta na actividade pesqueira a unha embarcación nova, débese achegar unha serie de GT procedentes da baixa doutros barcos menos modernos. Deste xeito mantense o mesmo esforzo pesqueiro.

A Comunidade Autónoma creou un instrumento de xestión de frota de baixura denominado banco de GT e Kw (Decreto 59/2005, do 18 de marzo, DOG núm. 67, 08/04/2005). Esta variable estatística recolle o nome da embarcación, matrícula, folio, arqueo en GT e TRB e potencia en CV e Kw para cada un dos buques achegados como baixa.

Datos do armador e/ou propietario.

Nome e apelidos ou razón social.

No caso de que o armador e/ou propietario sexa unha persoa física os datos que figuran no rexistro de buques son o nome e os apelidos. Se se tratara dunha persoa xurídica recóllese a razón social.

NIF ou CIF.

En función de se a persoa é física ou xurídica inclúese o NIF ou o CIF, respectivamente.

Datos para a comunicación.

Recolle toda a información necesaria para os efectos de comunicación. Os datos que se achegan son rúa ou praza, número piso e letra, localidade, concello, provincia, código postal, teléfono, fax e correo electrónico.

Asociación.

Este dato recolle se o propietario e/ou armador está asociado a algunha confraría de pescadores, organización de produtores, cooperativa ou asociación.

Características técnicas do buque.

Número de técnicos.

É o número de tripulantes de carácter técnico enrolados no buque. Enténdense por técnicos os capitáns ou patróns de pesca, mecánicos navais, especialistas, oficiais de ponte, radiotelefonistas e electricistas navais. Este dato exprésase en valor enteiro.

Número de mariñeiros.

Indícase o número total de mariñeiros enrolados no buque e tamén se almacena como valor enteiro. A suma do número de mariñeiros e número de técnicos da lugar á tripulación total do buque.

Cadro mínimo.

Defínese como o número mínimo de tripulantes necesario para que o buque poida exercer a actividade pesqueira. Tamén se expresa como número enteiro.

Eslora total.

De acordo co Regulamento (CEE) núm. 2930/86 equivale á lonxitude máxima do buque, sendo a distancia medida en liña recta desde o extremo anterior da proa ata o extremo posterior da popa. Exprésase en metros, con dous decimais.

Eslora entre perpendiculares.

Defínese no Regulamento (CEE) núm. 2930/86 como a distancia medida entre a perpendicular anterior e a perpendicular posterior tal e como se definen no Convenio internacional sobre a seguridade dos barcos de pesca. Mídese en metros con dous decimais.

Manga.

É a anchura do buque.

Puntal.

É a altura do buque, definida como a distancia vertical entre a quilla e a cuberta do buque.

Arqueo TRB.

Volume interior dos espazos pechados do barco, expresado en toneladas de rexistro bruto.

Arqueo GT.

Volume interior dos espazos pechados do barco, expresado en arqueo bruto de Gross Tonnage. Defínese no regulamento (CEE) núm. 2930/86.

Tiro de propulsión.

Define o modo de propulsión do buque. Pode ser motor intra borda, motor fóra borda e sen motor. É unha variable cualitativa.

Motor principal.

Se o buque posúe motor, este campo contén a información do motor principal, indicando as características de potencia en CV, marca e número de serie do motor. O dato de potencia almacénase como número con dous decimais, e a marca e o número de serie exprésase en texto.

Motor auxiliar.

No caso de que a embarcación posúa motor auxiliar tamén se almacenan a potencia en CV, a marca e o número de serie.

Material de construción.

Recóllense os materiais que se usaron para a construción do buque, que poden ser: madeira, poliéster, aceiro e outros. Este dato posúe valor cualitativo de tal xeito que permite a identificación e segmentación da frota cuantificando os buques segundo os valores xa citados.

Actividade do buque

Artes de pesca permitidas.

No momento da inscrición do buque no rexistro, tamén se debe solicitar o permiso para a actividade da pesca cunha determinada arte. Cando se trata de artes menores, unha embarcación de pesca pode ter permitida desde unha arte ata un máximo de cinco. É un dato cualitativo. A clasificación das artes de pesca usada nos informes é a recollida no Decreto 424/1993 e decretos que o modifican, xa que describe mellor as distintas modalidades da actividade pesqueira en Galicia.

Caladoiros habituais.

Recóllese aquí o caladoiro no que vai faenar o buque de pesca. O apartado 12 do anexo I da orde do 8 de maio de 2002 establece os seguintes caladoiros: Augas interiores da comunidade autónoma, Caladoiro nacional (dentro deste está o Caladoiro Cantábrico-Noroeste), Augas U.E. non españolas, Marrocos, Augas internacionais e outros caladoiros. De acordo con esta clasificación, a publicación agrupa aos buques de pesca en tres niveis: caladoiro nacional (Cantábrico-Noroeste), pesqueiras comunitarias e pesqueiras internacionais.

Procesamento de datos

A estrutura informática que da soporte ao rexistro administrativo provén de dúas bases de datos distintas:

Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia (RBPCAG).

As bases de datos da aplicación informática do RBPCAG conteñen a información mínima sobre as características e a actividade dos buques necesaria para a xestión das medidas establecidas a escala comunitaria. Estas medidas van enfocadas ao control do esforzo pesqueiro, así coma a dispor dunha información fiable e actualizada sobre a frota pesqueira que radica en Galicia.

A característica máis destacable do Rexistro de Buques é que presenta a estrutura da frota en tempo real. Todas as modificacións realizadas sobre a información do rexistro almacénanse en táboas auxiliares para procesos de seguimento e auditoría das actualizacións. E con periodicidade mensual faise unha descarga da situación do rexistro a un sistema de almacenaxe auxiliar, deste xeito pode accederse a composición da estrutura da frota ou a unha parte dela nunha data determinada.

Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA).

O Servizo de Xestión Administrativa da Dirección Xeral de Recursos Mariños mantén, a través dunha serie de procedementos administrativos, a información para o outorgamento dos permisos de explotación e as artes no SXPA, dependente da Consellería de Presidencia.

Fluxo de datos

Inclúese neste apartado os protocolos de actuación, os fluxos de datos e os axentes implicados no mantemento do RBPCAG.

Os procedementos que se seguen son os que se describen a continuación:

Procedemento de alta no RBPCAG.

Iníciase a petición do propietario e/ou armador ou persoa que os representa. A petición diríxise ao Servizo de Xestión Administrativa da Dirección Xeral de Recursos Mariños mediante unha solicitude normalizada (o anexo II recolle o formulario correspondente), para solicitar a anotación dunha nova inscrición no RBPCAG. Tal e como se comentou no epígrafe de variables, cando se quere dar de alta unha embarcación de nova construción no rexistro, deben achegarse baixas de embarcacións en activo para manter o mesmo esforzo pesqueiro. Así, xunto ao formulario de inscrición, deberá achegar os certificados de baixa das embarcacións. Se a información é correcta lévase a cabo unha preinscrición do buque, asignándoselle un número de rexistro, notificándoselle ao interesado a necesidade de que solicite o permiso de explotación. Para exercer a actividade da pesca, o interesado debe solicitar sempre ese permiso habilitante.

Procedemento para o outorgamento do permiso e asignación de licenzas de artes.

Cando o interesado recibe a comunicación descrita no parágrafo anterior debe solicitar os permisos de explotación para a embarcación. Ábrese entón un novo expediente administrativo no SXPA. O procedemento finaliza coa resolución, ben autorizando a esa embarcación o exercicio da pesca outorgándolle unha serie de artes que poden ser desde unha ata cinco, ou ben denegando a solicitude de permisos a dita embarcación. En ambos os dous casos a resolución é comunicada ao RBPCAG para que procedan á inscrición definitiva ou a non inscrición do buque, segundo proceda.

Procedemento de baixa no Rexistro de buques.

O procedemento tamén se inicia a petición do interesado. Xeralmente só se solicita a baixa ao rexistro de buques e os pasos a seguir son os mesmos que no caso da alta. Como é preciso achegar baixas de embarcacións se se quere dar de alta unha embarcación de nova construción no rexistro, cando unha embarcación deixa de estar en activo solicita a súa baixa.

Procedemento de modificación dos datos do RBPCAG

O interesado inicia o procedemento para solicitar unha modificación dos datos que figuran no RBPCAG ou no SXPA. Ponse en contacto co Servizo de Xestión Administrativa, que é quen ten a responsabilidade da xestión e mantemento das bases de datos do SXPA ou das do RBPCAG para que se autoricen ditos cambios. O procedemento finaliza tamén coa resolución autorizando ou denegando os cambios.

Procedemento de depuración de datos.

Anualmente realízase unha descarga de datos desde o SXPA e desde o RBPCAG á Plataforma Tecnolóxica da Pesca e se remiten ao Servizo de Producción Pesqueira, que

contrasta a información desas dúas fontes de datos e informa, se é o caso, ao Servizo de Xestión Administrativa das situacións anómalas.

Rematado o ano lévase a cabo a confrontación de datos:

Primeiro se establecen os parámetros clave dos buques para levar a cabo a confrontación dos datos, e son: Lista, Matrícula, Folio, Núm. de rexistro e Nome. Do cruce das dúas bases de datos obtéñense os seguintes resultados:

Buques que coinciden totalmente nos parámetros clave.

Buques coincidentes en Lista, Matrícula, Folio e Núm. de rexistro, pero non en Nome.

Buques coincidentes só en Núm. de rexistro e Nome do buque.

Buques sen coincidencia entre o RBPCAG e o SXPA. Estes son os que deben ser tratados de forma manual.

O seguinte paso é proceder a análise segundo o porto base, comparando as situacións atopadas no RBPCAG e as do SXPA.

Unha terceira análise consiste en comparar as situacións de alta no RBPCAG respecto das situacións ofrecidas polo SXPA.

Por último, a análise de artes permite comparar as artes de pesca na situación de alta atopadas no RBPCAG, respecto das distintas ofrecidas polo SXPA.

Deseño da explotación dos datos do rexistro

A información almacenada no RBPCAG explótase por dous xeitos diferentes:

- A Plataforma Tecnolóxica da Pesca (www.pescadegalicia.com) é o mecanismo de publicación da situación actual do rexistro. No caso de información protexida pola Lei Orgánica de Protección de Datos (LOPD), só poderán acceder a ela os usuarios que estean autorizados. A información publicada na plataforma actualízase diariamente de modo que permite aos usuarios facer consultas da situación da frota nesa mesma data.
- Servizo de Producción Pesqueira leva a cabo anualmente a publicación que recolle a estrutura da frota pesqueira e as artes ou grupos de artes usadas para a actividade pesqueira.

A Plataforma Tecnolóxica de Pesca.

Ten como obxectivo achegar a tecnoloxía da información e da comunicación ao sector pesqueiro. Toda esta información publícase na páxina web www.pescadegalicia.com.

Na súa páxina principal amósanse os seguintes apartados:

- A Plataforma: onde se expoñen os contidos da web.
- Estatísticas: onde se reflicten os datos de primeira venda de peixe fresco nas lonxas galegas e ademais achégase información de descargas de pesca fresca nos portos de interese xeral. Permite o acceso directo dos usuarios que poden facer consultas, informes gráficos,...seleccionando os parámetros.
- Cotizacións: como complemento ás estatísticas de primeira venda, presentase tamén un cadro de cotizacións das lonxas na últimas datas.
- Comercio electrónico: neste apartado recóllense as instrucións necesarias para a realización de comercio de pesca a través de Internet. A subhasta a distancia a través de Internet só pode ser realizada por aqueles usuarios autorizados.
- Rexistro de buques: pódese acceder a toda a información de carácter xeral almacenada no RBPCAG.
- Publicacións: aquí atópanse as publicacións realizadas pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e relacionadas cos contidos desta páxina.
- Enlaces a sitios de interese: esta opción permítenos acceder a outras páxinas de interese para o sector pesqueiro, como son:
 - A consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
 - Intecmar.
 - Directorio de confrarías.
 - Meteoroloxía.
 - Fishbase.
- Envío de datos: a través desta opción as persoas responsables das lonxas e establecementos autorizados para a realización da primeira venda, envían os datos á consellería competente, das transaccións realizadas.
- Identificación do usuario: permite o acceso á información restrinxida (datos protexidos pola LOPD) mediante a introdución dun nome e unha clave de acceso. O Rexistro de Buques en www.pescadegalicia.com contén información e o acceso a esta pode facerse a dous niveis distintos según o usuario e os datos que se queiran consultar:
 - De acceso público para os datos de carácter xeral público.
 - Acceso restrinxido para un usuario autorizado, no caso de datos de carácter confidencial.

A información do Rexistro de Buques actualízase diariamente, de xeito que sempre podemos ter a referencia a unha data determinada.

No caso do rexistro de buques a páxina ofrece os seguintes contidos:

Informe resumo:

Cando accedemos ao Rexistro de Buques na web o primeiro que nos aparece é un informe resumo. Este amosa a situación de Galicia respecto das distintas pesqueiras (internacional, comunitaria e nacional) e os tipos de pesca xunto co número de barcos que faenen en cada unha delas, así coma a suma de arqueos (GT ou TRB) e potencia (CV e Kw). Ademais dos buques de pesca, inclúense o número dos adicados á acuicultura e os auxiliares de pesca.

No borde esquerdo deste informe existe un cadro de selección que permite facer esta mesma consulta pero a un nivel xeográfico máis pequeno ou segundo as zonas de produción definidas pola consellería.

Busca técnica:

Permite a localización de buques de pesca con base a unha serie de criterios de filtrado da información. As consultas permitidas, como xa se dixo anteriormente, son diferentes en función da información o do nivel do acceso do usuario, así a información restrinxida será accesible só ao persoal da consellería autorizado por conter datos confidenciais protexidos.

Os datos de acceso público para todo usuario son:

- Nome do buque
- Marcas externas do buque (lista, matrícula e folio)
- Número de rexistro no RBPCAG
- Tramos de eslora
- Tramos de arqueo (GT e TRB)
- Artes permitidas con posibilidade de seleccionar grupos de artes
- Zona de produción asociada ao porto
- Porto base, con posibilidade de seleccionar grupos de portos

Cubrinto estes parámetros e premendo o botón “BUSCAR” aparece o buque en situación de alta no rexistro. Asociado a cada un dos resultados existe unha opción de consulta da ficha individualizada que recolle datos xerais de cada buque como son:

- Nome do buque.
- Marcas externas (lista, matrícula e folio)
- Número de rexistro
- Situación no rexistro

- Porto base
- Caladoiro e tipo de pesca asociado
- Artes permitidas
- Data de construción e entrada en servizo
- Características técnicas (eslora, arqueo, potencia,...)
- Material do casco

Descargas de ficheiros

Opción que só se permite aos usuarios cun nivel de acceso definido. Permite a descarga dos ficheiros principais da aplicación de buques en formato de folla de cálculo.

Publicación do Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia.

Con carácter anual desde a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos lévase a cabo a publicación dun documento que presenta a situación do rexistro a 31 de decembro, así como a comparativa con anos anteriores. Esta publicación é posta a disposición do público en xeral a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca na páxina web www.pescadegalicia.com

De toda a información que se almacena do RBPCAG só unha parte dela ten interese analítico e son estas variables as que se seleccionan de cara a elaboración de estudos sobre a estrutura da frota, en concreto, na publicación anual (onde se recolle a difusión estándar da explotación estatística do rexistro de buques) preséntase a seguinte información clasificada nos seguintes capítulos:

- Frota pesqueira
- Caladoiro nacional: artes menores
- Caladoiro nacional: cerco

A información que se presenta na publicación refírese unicamente á frota de pesca (non inclúe acuicultura e auxiliares).

Frota pesqueira

Os buques clasifícanse segundo unha serie de características (caladoiro, zona de produción, eslora, etc.) de modo que para cada categoría desta clasificación ofrécense datos absolutos (número de buques, arqueo total (GT) e potencia total (CV)) e datos medios (eslora media (m), arqueo medio (GT) e potencia media (CV))

Caladoiros e tipos de pesca

No RBPCAG almacénanse os datos sobre o caladoiro e tipo de pesca principal de cada buque de xeito que se pode clasificar a frota pesqueira con base neste criterio. A frota de pesca divídese agora en función do caladoiro, que neste caso son tres: caladoiro nacional (Cantábrico-Noroeste), pesqueiras comunitarias e pesqueiras internacionais. Cada un destes tres grupos desagregáanse súa vez noutros niveis polo tipo de pesca empregado. No caso do caladoiro nacional os niveis son: arrastre, artes menores, cerco, enmalle, palangre de fondo e palangre de superficie. Nas pesqueiras comunitarias o tipo de pesca é arrastre e palangre de fondo e no caso das internacionais os niveis son arrastre, cerco e palangre de superficie.

Provincias e zonas de produción

Como cada buque está asociado a un porto base podemos levar a cabo o estudo da distribución da frota por provincias ou por zonas de produción segundo a localización do porto base.

Por zonas de produción a análise faise tendo en conta as zonas definidas no anexo VIII da orde de 6 de abril de 2004 pola que se regulan os procedementos de expedición, renovación, traslado e transmisión dos permisos de explotación para embarcación (incluídas no anexo III)

Tramos de eslora

É interesante de cara a realizar estudos de características tipo e segmentación da frota pesqueira. Empréganse os seguintes tramos para clasificar os buques:

- Menos de 12 m.
- De 12 a 18 m.
- De 18 a 24 m.
- Máis de 24 m.

Ademais de ofrecer a táboa cos datos absolutos (número de buques, arqueo total e potencia total para cada tramo de eslora) e a táboa cos datos medios (número de buques, eslora media, arqueo medio e potencia media para cada tramo) difúndense máis táboas. Unha onde se presenta a distribución do número de buques por caladoiro (e tipo de pesca) e tramos de eslora e dúas coa distribución do número de buques por provincia e tramos de eslora e por zonas de produción e tramos de eslora.

Tramos de arqueo

É importante para facer análise da composición da frota con base en tramos de arqueo que permitan determinar situación, tipo e características medias dun determinado segmento da frota. Os tramos empregados son:

- Menos de 1,5 GT



- De 1,5 a 10 GT
- De 10 a 25 GT
- De 25 a 100 GT
- De 100 a 300 GT
- De 300 a 500 GT
- Máis de 500 GT

Ao igual que no caso anterior, ofrécense ademais dos datos absolutos e dos datos medios a distribución do número de buques por caladoiro (e tipo de pesca) e tramos de arqueo, por provincia e tramos de arqueo e por zonas de produción e tramos de arqueo

Potencia

Pódese facer o estudo da frota en función da potencia. Os tramos de potencia considerados na difusión son:

- Sen motor
- De 0 a 50 CV
- De 50 a 100 CV
- De 100 a 150 CV
- Máis de 150 CV

Ao igual que nos casos anteriores, ofrécense ademais dos datos absolutos e dos datos medios a distribución do número de buques por caladoiro (e tipo de pesca) e tramos de potencia, por provincia e tramos de potencia e por zonas de produción e tramos de potencia

Caladoiro nacional: artes menores

Para exercer a actividade da pesca os buques en situación de alta no rexistro posúen unha serie de artes autorizadas (mínimo unha e máximo cinco). Estas artes non poden ser usadas de xeito simultáneo un mesmo día de actividade, senón que cada día só pode faenar con unha das artes. Estas artes autorizadas son as que despois permiten clasificar cada buque nun tipo principal de pesca. Neste apartado recóllese a información dos buques que exercen a súa actividade no caladoiro nacional e que o tipo de pesca principal é as artes menores

A información pode ser tratada a tres niveis: a nivel total, a nivel de grupo de artes de pesca a un nivel de arte de detalle.

A nivel total ofrécese información absoluta - número de buques, arqueo total e potencia total- e datos medios –eslora, arqueo e potencia- dos buques dedicados ás artes menores clasificados segundo grupo destas artes

A nivel de grupo de arte ofrécese tamén esta información (datos agregados e datos medios) segundo arte a nivel de detalle, segundo provincia, segundo zona de produción, segundo tramos de eslora, segundo tramos de arqueo e segundo tramos de potencia.

Cando o número de buques nunha arte a nivel de detalle é significativo tamén se ofrece información e nivel de detalle de arte. É o caso da arte de liña ou cordel e palangrillo, incluídas na agrupación de artes de anzol; marisqueo desde embarcación, percebe e rastro de vieira, no caso das artes de marisqueo; trasmallo, betas e miños, nas artes de enmalle e as nasas de nécora, camarón e polbo no grupo de artes de nasas. A nivel de detalle de arte ofrécese a mesma información que a nivel de agrupación de arte se ben esta se amosa nunha mesma táboa ofrecendo os datos totais e os medios; ademais nalgúns casos tamén se ofrece esta información clasificada por número de licenzas.

A clasificación das artes menores en agrupacións é a seguinte:

- Anzol
 - Cacea túnidos
 - Curricán túnidos
 - Liña ou cordel
 - Palangrillo
- Artes de marisqueo
 - Endeño remolcado
 - Marisqueo desde embarcación
 - Navalla e longueirón
 - Orella de mar
 - Ourizo
 - Percebe
 - Rastro camarón
 - Rastro vieira
 - Rastro volandeira, zamburiña, ostra
- Artes remolcadas ou haladas á man
- Cerco
 - Cerco para bolo
 - Cerco piobardeira
 - Racú
- Enmalle
 - Betas
 - Miños
 - Trasmallos



- Xeito
- Nasas
 - Nasa anguía
 - Nasa butrón
 - Nasa centola
 - Nasa conguito
 - Nasa de camarón
 - Nasa de choco
 - Nasa de lagosta
 - Nasa de polbo
 - Nasa fanequeira
 - Nasa nécora
- Outras licenzas

Combinación de artes- como un buque con artes menores pode ter ata cinco artes no seu permiso de explotación, neste apartado amósanse as combinacións máis frecuentes que se dan no rexistro.

Caladoiro nacional: cerco

Ofrécese información sobre o número de buques, o arqueo total e medio, a eslora media e a potencia total e media dos buques con este tipo de pesca clasificados por provincia, zona de produción, tramos de eslora, tramos de arqueo e tramos de potencia.



Anexos

Anexo I: Regulamento (CE) Núm. 26/2004 da Comisión de 30 de decembro de 2003 relativo ao rexistro comunitario da frota pesqueira

Neste anexo recóllese o Regulamento europeo que xestiona o rexistro comunitario de buques

Anexo II: Formulario de inscrición no rexistro de buques

Neste anexo recóllese o formulario de inscrición que o armador ou o propietario do buque ten que cumprimentar para rexistrar a súa embarcación. Este formulario é o anexo I da Orde do 8 de maio de 2002, pola que se actualiza o RBPCAG e se establecen normas sobre a súa xestión e control.

Anexo III: Zonas de produción

Este anexo recolle as zonas de produción definidas no Anexo VIII da Orde do 6 de abril de 2004 pola que se regulan os procedementos de expedición, renovación, traslado e transmisión dos permisos de explotación para embarcación.



ANEXO I

9.1.2004

ES

Diario Oficial de la Unión Europea

L 5/25

REGLAMENTO (CE) Nº 26/2004 DE LA COMISIÓN
de 30 de diciembre de 2003
relativo al registro comunitario de la flota pesquera

LA COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS,

Visto el Tratado constitutivo de la Comunidad Europea,

Visto el Reglamento (CE) nº 2371/2002 del Consejo, de 20 de diciembre de 2002, sobre la conservación y la explotación sostenible de los recursos pesqueros en virtud de la política pesquera común⁽¹⁾, y, en particular los apartados 3 y 4 de su artículo 15,

Considerando lo siguiente:

- (1) A efectos de la aplicación de la política pesquera común, de acuerdo con el artículo 15 del Reglamento (CE) nº 2371/2002, es necesario que cada Estado miembro lleve un registro de todos los buques pesqueros que enarbolan su pabellón y que la Comisión cree un registro comunitario de la flota pesquera a partir de dichos registros nacionales.
- (2) A fin de constituir un instrumento eficaz y completo para la aplicación de la política pesquera común, el registro comunitario de la flota pesquera debe comprender todos los buques pesqueros comunitarios, incluidos los utilizados exclusivamente en la acuicultura.
- (3) Con el objetivo de disponer de la información indispensable para la gestión de la capacidad de las flotas pesqueras y sus actividades, procede señalar los datos relativos a las características de los buques que deben figurar en el registro de buques pesqueros llevado por cada Estado miembro de conformidad con el apartado 1 del artículo 15 del Reglamento (CE) nº 2371/2002.
- (4) Es necesario definir los procedimientos de transmisión a la Comisión de los datos recogidos en el registro de cada Estado miembro, a fin de garantizar la actualización periódica del registro comunitario.
- (5) Las características y las marcas exteriores anotadas en el registro llevado por cada Estado miembro deben mencionarse de acuerdo con lo dispuesto en el Reglamento (CEE) nº 2930/86 del Consejo, de 22 de septiembre de 1986, por el que se definen las características de los barcos de pesca⁽²⁾, modificado por el Reglamento (CE) nº 3259/94⁽³⁾, y en el Reglamento (CEE) nº 1381/87 de la Comisión, de 20 de mayo de 1987, por el que se establecen normas concretas sobre señalización y documentación de los barcos de pesca⁽⁴⁾.
- (6) Los Estados miembros deben velar permanentemente por la calidad de los datos que figuran en su registro nacional y que son verificados por la Comisión en el momento de su recepción.

- (7) A fin de seguir los movimientos de los buques entre Estados miembros y de garantizar una relación inequívoca entre los datos del registro comunitario y los de otros sistemas de información relativos a las actividades pesqueras, es importante atribuir a cada buque pesquero comunitario un número de identificación único que en ningún caso pueda atribuirse de nuevo ni modificarse.
- (8) Para garantizar una aplicación eficaz del presente Reglamento y a fin de simplificar la gestión de los datos, es pertinente definir los instrumentos de comunicación que deben utilizarse entre los Estados miembros y la Comisión.
- (9) Debe establecerse que la Comisión vele por el acceso de los Estados miembros a la totalidad de los datos del registro comunitario de la flota pesquera, respetándose las disposiciones relativas a la protección de los datos de carácter personal derivadas del Reglamento (CE) nº 45/2001 del Parlamento Europeo y del Consejo⁽⁵⁾.
- (10) Habida cuenta de los cambios aportados por el artículo 15 del Reglamento (CE) nº 2371/2002 al modo de gestión de los registros de buques pesqueros, es procedente derogar el Reglamento (CE) nº 2090/98 de la Comisión, de 30 de septiembre de 1998, relativo al registro comunitario de buques pesqueros⁽⁶⁾, modificado por el Reglamento (CE) nº 839/2002⁽⁷⁾.
- (11) Las medidas previstas en el presente Reglamento se ajustan al dictamen del Comité de pesca y acuicultura.

HA ADOPTADO EL PRESENTE REGLAMENTO:

Artículo 1

Objeto

1. El presente Reglamento:
 - a) fija los datos mínimos relativos a las características y acontecimientos de los buques que deben figurar en el registro que cada Estado miembro lleva sobre los buques pesqueros que enarbolan su pabellón (denominado en lo sucesivo «registro nacional»);
 - b) fija las obligaciones de los Estados miembros en relación con la recogida, la validación y la transmisión a la Comisión de estos datos, a partir de su registro nacional;
 - c) fija las obligaciones de la Comisión en relación con la gestión del registro comunitario de la flota pesquera (denominado en lo sucesivo «registro comunitario»).

⁽¹⁾ DO L 358 de 31.12.2002, p. 59.

⁽²⁾ DO L 274 de 25.9.1986, p. 1.

⁽³⁾ DO L 339 de 29.12.1994, p. 11.

⁽⁴⁾ DO L 132 de 21.5.1987, p. 9.

⁽⁵⁾ DO L 8 de 12.1.2001, p. 1.

⁽⁶⁾ DO L 266 de 1.10.1998, p. 27.

⁽⁷⁾ DO L 134 de 22.5.2002, p. 5.



